



Título: *Educar en la era planetaria*
Autores: Edgar Morin, Emilio Roger Ciurana e Raul D. Motta
Editorial: Gedisa, Barcelona, 2003
Núm. pp.: 140
Tamaño: 19,5 x 13

En outubro de 1999 E. Morin publicaba por encargo da Unesco o texto titulado *Los siete saberes del futuro*. Este documento foille especialmente solicitado para que expresase as súas ideas sobre a educación do futuro no contexto do seu discurso sobre o "pensamento complexo".

Agora aparece este novo libro que trata de formular os problemas da educación nunha sociedade planetaria. O texto é produto das experiencias de formación e debate promovidas pola cátedra itinerante da Unesco (Edgar Morin) en diferentes países e apoiada, entre outras institucións, pola Universidade de Valladolid. Termos como "globalización" ou "mundialización" forman hoxe parte do noso vocabulario e da nosa experiencia vital. As transformacións políticas, económicas e sociais que vivimos móstrannos unha sociedade moito máis interconectada ca en tempos pasados.

Edgar Morin é un pensador francés que desde hai tempo destaca fundamentalmente pola súa contribución a unha

nova racionalidade "complexa" fronte á vella racionalidade "simplificadora" do saber fraccionado (paradigma da simplificación a partir de Descartes). Propón a necesidade dun pensamento complexo tecido de eventos, accións, interaccións, azares, etc. A vida non é unha substancia senón un fenómeno de auto-eco-organización. En consecuencia, os fenómenos antro-po-sociais, como é a educación, non poden obedecer a principios de intelixibilidade menos complexos cós requiridos para os fenómenos naturais.

O libro que agora se edita aparece estruturado en catro grandes apartados. Os dous primeiros de carácter fundamentalmente epistemolóxico, dedicados a expoñer "o método" como actividade pensante do suxeito vivente e non abstracto que aprende a inventar, crear en e durante o seu camiñar nunha situación de complexidade da nosa sociedade actual, que nos obriga a dar conta dos procesos e situacións en oposición que vivimos en múltiples contextos.

O método, polo tanto, preséntase como unha estratexia que nos permite aprender para responder ás incertezas. Entre os seus principios destacan os seguintes: principio sistémico ou organizacional (o todo é máis cá suma das súas partes), principio hologramático (parte que non está soamente no todo senón que o todo está na parte), principio de retroactividade (non resulta suficiente o esquema de causalidade lineal para explicar os fenómenos), principio de recursividade (idea de bucle recursivo: os efectos e produtos son ó mesmo tempo os seus causantes e produtores), principio de autonomía/dependencia (a nosa autonomía non só depende da enerxía que captamos bioloxicamente do ecosistema senón tamén da información cultural), principio dialóxico (o nacemento do Universo e o produto da interacción orde/desorde/organización). Finalmente, o principio de reintrodución do cognoscente en todo coñecemento (o suxeito non reflicte a realidade senón que constrúe a realidade a través dos principios antes mencionados).

Este amplo discurso epistemolóxico que abarca case a metade do texto dálle paso ó terceiro apartado. Ten como obxectivo analizar os desafíos da era planetaria realizando un percorrido sintético desde a "diáspora de homo sapiens" que rematou na dispersión e fragmentación da Humanidade ata a segunda mundialización que cobra impulso na metade do século XIX. Prolóngase no século XX con situacións antagónicas (os imperia- lismos europeos que determinan as guerras mundiais), organízase ó redor da ideoloxía do progreso (baseada na ciencia, técnica, industria e economía xunto coas

aspiracións da unidade pacífica e fraterna da Humanidade) para iniciar o século XXI "onde os erros da idade de ferro planetaria na que vivimos non se disipan e cobran maior virulencia ante outro fenómeno mundializado: o terrorismo global".

Finalmente, a cuarta parte analiza a "misión da educación na era planetaria". A pesar desta descompensación pola brevidade deste apartado, as súas páxinas propóñennos uns marcos de acción desde as intervencións educativas.

A función da educación consiste fundamentalmente na emerxencia dunha "sociedade-mundo" composta por cidadáns protagonistas, conscientes e criticamente comprometidos coa construción dunha civilización planetaria baseada en seis eixes estratéxicos. O primeiro xira ó redor da directriz conservadora/revolucionante (cómpre fortalecer a supervivencia da Humanidade e ó mesmo tempo implicarse en prácticas accións revolucionantes que contribúan ó progreso da hominización); o segundo consiste en orientar as actitudes de resistencia da cidadanía fronte a forzas modernas tecnoburocráticas de deshumanización e desnaturalización; o terceiro trata de repensar o desenvolvemento que se debe concibir de forma antropolóxica. O subdesenvolvemento dos desenvolvidos medra co desenvolvemento tecnocrático. A educación debe fortalecer o respecto polas culturas e considerar que un desenvolvemento integral implica vivir con "comprensión, solidariedade e compaixón" e buscar a plenitude da persoa a través da música, a poesía, a mística, as artes en xeral, que superan a perspectiva materialista da vida humana.

Un segundo grupo de referencias concrétese nas seguintes directrices como finalidades esenciais da educación. Como cuarto eixo suxire favorecer o diálogo entre pasado/presente e futuro fomentando a teleparticipación, a comunicación coas diversas culturas e procurando un futuro aberto a distintas posibilidades e non limitado ó actual progreso garantido (tecnocómico).

Finalmente, un quinto nivel de compromiso educativo para a sociedade planetaria consiste en facilitar a percepción e crítica da falsa racionalidade política (abstracta e irracional) que só ten en conta as necesidades cuantificables polas enquisas de opinión. Esta situación levaranos a unha actitude de compromiso e acción que se expresa na dobre perspectiva de "pensar global/actuar local-pensar local/actuar global".

Esta dialéctica complexa debe conducir finalmente a facer efectivo o sexto eixo: "civilizar a civilización". Para conseguir este último obxectivo a educación debe favorecer a participación e construción de redes sociais, o asociacionismo e a superación do modelo hexemónico actual ("home branco, adulto, técnico, occidental") tratando de revelar e espertar os fermentos civilizatorios "femininos, senís, multiétnicos e multiculturais do patrimonio humano".

A característica fundamental do pensamento de E. Morin estriba en examinar o noso coñecemento mediante o seu método do "pensamento complexo" que trata de romper cos antigos esquemas mentais que guían a nosa visión limitada e ego-céntrica do mundo. Por unha parte está a

visión da epistemoloxía clásica para a cal, cando unha contradición aparecía no razoamento, era sinal de erro. Por outra, a visión complexa que considera que cando se chega por vías empírico-rationais a contradicións non se deriva inmediatamente un erro senón o descubrimento dunha capa profunda da realidade que non pode ser traducida á nosa lóxica e debe ser estudada desde outros presupostos como os anteriormente formulados.

Ó mesmo tempo, os seus escritos non se limitan ás cuestións epistemolóxicas. Tamén se interesan polas cuestións sociais. De aí as súas reflexións sobre a educación. Desde o seu punto de vista vivimos neste momento na "idade de ferro da era planetaria". Para avanzar neste progreso humano a función básica da educación consiste en despexar as grandes interrogantes sobre a posibilidade de coñecer comprendendo que hai condicións bioantropolóxicas (aptitudes mente-cerebro); condicións socioculturais (a cultura aberta que permite os diálogos e intercambio de ideas) e as condicións noolóxicas (as teorías abertas) que formulan interrogantes sobre o mundo, o home e o mesmo coñecemento.

A análise tanto epistemolóxica de novas formas de coñecer e actuar e a importancia concedida á educación fan desta obra un texto indispensable para penetrar nestes novos retos que nos presenta a era planetaria.

Agustín Requejo Osorio
Universidade de Santiago
de Compostela